

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

EXTRACTO da Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR945C).

BDNS (Identif.): 669258.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Segundo. Obxecto

Esta orde ten por obxecto aprobar a convocatoria do ano 2023 de subvencións da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en réxime de concorrència non competitiva, para o desenvolvemento de actividades deportivas (código de procedemento PR945C).

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria de subvencións son as aprobadas a través da Orde do 27 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, a clubs de-

CVE-DOG: 6dnien6-3ue7-xqx9-lfb4-w45ra78mkbn2



portivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR945C).

Cuarto. *Importe*

Para conceder estas subvencións destinaranse 2.000.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2022

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente Segundo e conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Deportes

